



NOVELA

«Nano»

Concha Blanco. Editorial Everest

Galicia. 137 páginas. ***

Concha Blanco (Lires-Cee, 1950) vén de publicar no mercado a súa última obra, *Nano*. A autora firmou xa uns 30 libros, case todos eles dirixidos ao público infantil. *Nano* é un libro apto para un público maior, recomendable dende os últimos anos de secundaria, tanto polo seu estilo, sinxelo e directo, como por un contido de perfecta actualidade.

A obra é un percorrido íntimo a través da historia concreta, a dun arquitecto mozo de 30 anos que loita en dous campos normalmente confluentes: por un lado a necesidade de coñecerse un mesmo e polo outro a negación da propia realidade que intúe, unha realidade marcada por una homosexualidade que o protagonista négase a asumir e que ao mesmo tempo necesita liberar.

Nano é unha historia ambientada na Coruña, con exteriores definidos da rúa Barcelona e recoñecibles vistas do Orzán. Un relato enfocado dende a soidade do protagonista e as súas difíciles relacións, as súas frustradas parellas heterosexuais e o medo á decepción de quen o rodean.

O relato debuxa a recreación automática dunha vida marcada polas escusas de mentira. Aínda que non se trata dunha novela psicolóxica que afonda na introspección de quen sofre.

Blanco sitúa no medio do relato unha trama marcada polo suspense, un encontro que fai xirar inesperadamente a acción, que forza a situación do protagonista.

A obra déixase ler practicamente do tirón. Para o público coruñés non será difícil recrear os paseos das personaxes. No libro hai tamén chiscadelas á Costa da Morte natal da autora, con citas a lugares emblemáticos como a muxiá praia de Nemiña. Segundo conta, non buscou basear a historia en feitos reais pero deixouse influír por circunstancias coñecidas.

Paixóns soterradas, egoísmos baseados no medo á verdade e amores frustrados mestúranse nun libro que ten o mar —elemento omnipresente na obra de Concha Blanco— como coprotagonista e que, dun xeito ou doutro, amosa os problemas e temores do paso da xuventude á idade adulta.

Eduardo Eiroa